

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP JOSÉ MARÍA LAGE
CURSO: PRIMEIRO DE EDUCACIÓN PRIMARIA
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA.
DOCENTE: JOSÉ MANUEL MUÍÑO MONTERO
DATA: 04/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Recoñecer desde a perspectiva de participante as posibles situacións conflitivas xurdidas nos xogos aceptando as opinións dos e das demais.	EFB1 1.2. Recoñece as condutas inapropiadas que se producen nos xogos.
B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, respectándose a un mesmo e aos outros e outras nas actividades físicas e nos xogos, aceptando as normas e regras establecidas.	EFB1 3.1. Participa activamente nas actividades propostas. EFB1.3.4. Participa na recollida e organización de material utilizado nas clases. EFB1.3.5. Acepta formar parte do grupo que lle corresponda.
B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais.	EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais entre os nenos e nenas da clase.
B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan.	EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias. EFB2.2.2. Realiza actividades de equilibrio estático, con e sen axuda, en base de sustentación estable.
B3.1. Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais.	EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas. EFB3.1.2. Salta de distintas formas.
B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións.	EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade.
B5.1. Recoñecer os efectos do exercicio físico, a hixiene, a alimentación e os hábitos posturais sobre a saúde e o benestar.	EFB5.1.1. Intenta cumprir as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.
B6.1. Recoñecer tácticas elementais dos xogos aplicando as regras en situación de cooperación e de oposición.	EFB6.1.2. Utiliza as regras dos xogos en situación de cooperación e oposición.

<p>B6.2. Recoñecer a diversidade de actividades físicas, lúdicas, deportivas en especial as de Galicia.</p>	<p>EFB6.2.1. Practica xogos libres e xogos organizados. EFB6.2.3. Realiza distintos xogos tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas.</p>
<p>B6.3. Manifestar respecto cara ao contorno e o medio natural nos xogos e actividades ao aire libre.</p>	<p>EFB6.3.2. Coñece o coidado e respecto do medio ao efectuar algunha actividade fóra do centro.</p>

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos: Como “<u>procedementos de avaliación</u>” utilizaremos tanto técnicas de avaliación subxectivas (<u>a observación</u>) como obxectivas (probas de execución, probas orais e escritas).</p> <p>Debemos ter moi en conta o traballo diario a realizar. Por iso, tamén valoraremos o <u>traballo presentado polo alumnado no 3º trimestre a través da internet e doutros medios posibles.</u></p> <p>Instrumentos de avaliación: usaremos un “instrumento por observación directa”, o <u>rexistro anecdótico</u>, e “instrumentos de experimentación ou rendemento”, como <i>probas obxectivas</i> (exames orais e/ou escritos - coñecemento de diferentes partes do corpo,...-), <i>entrevistas, probas de execución, tests motores e diario das sesións.</i></p> <p>Tamén teremos en conta a escala recollida na avaliación destinada a avaliar a propia práctica docente e o desenvolvemento e adecuación das programación.</p>
Cualificación final	<p>A cualificación final do alumnado levarase a cabo tomando como referencia o establecido na programación didáctica deseñada a comezo do curso e baseándose nas instrucións proporcionadas pola Consellería de Educación en relación ao desenvolvemento do 3º trimestre.</p> <p>Tendo isto en conta e, con carácter xeral, a cualificación final será a media entre as cualificacións obtidas na 1ª e a 2ª avaliación non podendo ser, en ningún caso, inferior a esta.</p> <p>No caso de alumnos ou alumnas que ao longo do 3º trimestre e, cos medios establecidos para dito fin, amosen un rendemento notable poderá incrementarse a cualificación final.</p> <p><i>A destacar que co traballo levado a cabo ata a data do confinamento nacional, o grao de desenvolvemento das competencias clave e dos obxectivos da etapa por parte de todo o alumnado do grupo na área de Educación Física xa estaba acorde co previsto acadar ó remate do curso. Por iso, nesta área o normal sería unha cualificación positiva por parte de todo o alumnado, salvo algunha falta de comportamento grave ó longo do 3º trimestre.</i></p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>As actividades proporcionadas ao alumnado teñen un carácter lúdico e están orientadas principalmente á recuperación, o repaso e o reforzo dos contidos xa adquiridos.</p> <p>Semanalmente a través do correo electrónico e da páxina web do centro propoño diferentes xogos (3 en raia, as chapas, saltos, etc.) e actividades, tanto físicas (de relaxación, de equilibrio, etc.) como escritas (buscar partes do corpo nunha sopa de letras, explicar un xogo coñecido, etc.).</p> <p>Ós arquivos correspondentes tamén se pode acceder a través do <i>blog elaborado polo titor</i> do grupo clase.</p> <p>Tamén algún alumno/a tenme enviado algún vídeo amosándome como realiza os xogos e actividades programados.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>A metodoloxía a utilizar potenciará a “competencia motriz”, así como as “competencias clave” establecidas no noso currículo. De aí que programe tanto xogos e actividades cun marcado carácter físico-motriz, como outras cognitivas e psico-afectivas.</p> <p>Procuraremos que os <u>xogos</u> e actividades sexan <i>funcionais, significativas e motivadoras</i>.</p> <p>En ocasións <i>adaptaremos</i> xogos e actividades en grupo de xeito que se poidan practicar de forma individual, para dar resposta á situación actual.</p> <p>Tamén <i>adaptamos</i> xogos e actividades practicados en espazos abertos e amplos para poder realizalos en espazos reducidos.</p> <p>O medio habitual para facilita-lo traballo a realizar ó noso alumnado é a <u>internet</u> (páxina web do centro, blog do titor e correo electrónico do mestre da área).</p> <p>Para o <u>alumnado sen conectividade</u> o concello en colaboración co centro vense encargando de repartir diverso material (fotocopias do traballo a realizar, libros de texto,...).</p>

<p>Materiais e recursos</p>	<p>Desde comezos da situación de confinamento a páxina web do centro recolle diversos xogos e actividades xerais a realizar e varias páxinas web na que os nenos/as poden consultar novos xogos.</p> <p>Respecto ós materiais necesarios para a realización dos xogos e actividades que lles propoño semanalmente procuro que sexan materiais que pode ter calquera neno/a na casa (pelotas, bólas,...) e tamén, con frecuencia dou varias opcións ou posibilidades de adaptar materiais (por exemplo: en vez de bólas para facer punterías, utilizar botóns ou boliñas de papel).</p> <p>En ocasións, envíolles un modelo co debuxo dunha zona de xogo; por exemplo 2 modelos diferentes para poder xogar ó 3 en raia.</p> <p>Tamén, utilizo moitos xogos que non precisan material para facilita-la súa realización no domicilio do alumnado (salto de lonxitude en estático, xogos e actividades de equilibrio sobre diferentes partes do corpo, actividades de respiración e de relaxación, etc.).</p>
------------------------------------	--

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>Como dixen anteriormente, o procedemento para informar ás familias e o alumnado da área é a páxina web do centro e o blog elaborado polo titor do grupo-clase.</p> <p>Tamén manteño unha comunicación fluída coas familias a través do correo electrónico, medio a través do que realizamos a maioría das comunicacións (entrega das actividades realizadas e calquera comentario ou dúbida sobre as mesmas).</p>
Publicidade	<p>En relación á publicidade, utilízase tanto a páxina web do colexio como o blog elaborado polo titor do grupo-clase.</p>